

Vas adoptar un animal de compañía?

Na maioría de municipios do noso país, hai **entidades de protección e centros públicos** aos que podes acudir en caso de estar interesado en adoptar un animal de compañía.

Non te debes guiar polas emocións á hora de adoptar un animal abandonado. É importante que sexa un **acto meditado** e que **te deixes aconsellar polos responsables da protectora ou centro de protección** sobre o animal máis adecuado.

A pesar de cumprir con todos os requisitos, toda entidade protectora resérvase o dereito a finalmente de decidir **non entregar ou retirar o coidado do animal de compañía** se o considerase necesario.

ADULTO OU CACHORRO?

Un cachorro require de moita **paciencia, educación e tempo de socialización**. Estes requisitos fan do cachorro un animal apto para familias con tempo **e enerxía** suficiente.



O proceso de adopción dun animal adulto pode resultar máis fácil, posto que o seu **carácter estará moito máis asentado** e será máis sinxelo comprobar a compatibilidade.

Se optas por un adulto asegúrate que lle poderás proporcionar **refuxio, seguridade, espazo propio e intimidade**.



Cando adoptas nunha protectora, lugar cuxa misión é a protección da dignidade e dereitos do animal, estás a achegar o teu granito de area para **combater a consecuencia dos abandonos na sociedade**, e estaslle dando a outro ser vivo a oportunidade de vivir unha vida mellor como animal de compañía.

É fundamental asegurar a mellor convivencia coa familia e con outros individuos de diferentes especies. Non dubides en consultar co teu veterinario de confianza cal é a mellor opción para a túa familia e para o animal.



Constrúe o fogar que necesitan

Por unha adopción responsable



Edita: ©Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
2025 - Secretaría General Técnica
<https://cpage.mpr.gob.es/>
NIPO en línea: 233-25-008-1
Diseño e maquetaxe: Grupo Asis Biomedica S.L.

